



Sabes o que é "O cadáver exquisito"? É un xogo que inventaron os surrealistas a comezos do século XX. Consiste na creación de debuxos por un grupo de persoas. Cada un incorpora a súa aportación, sen coñecemento do que realizaron os demais. O resultado final adoita ser unha orixinal composición ilóxica e desconcertante formada por todas as imaxes.

### Materials

- Lapis de grafito
- Lapis de cores
- Folio dividido en tres partes numeradas do 1 ao 3.

### Pasos



1. Formamos grupos de tres.
2. Dividimos o papel continuo en tres partes e colocámolo en sentido vertical.
3. A primeira persoa debuxa unha cabeza humana ou animal e despois guarda a súa parte, para que non a vexan os compañeiros.
4. A segunda persoa debuxa o torso e a terceira debuxa as pernas e pés ou patas e pezuños, en caso de que decida facer as extremidades dun animal.
5. Unha vez acabedes, xuntaredes as tres partes dos debuxos para ver o resultado final.
6. Comparade as composicións coas dos demais grupos.

Sorpredeuvos algún en

particular?

Agora podedes intentalo de novo xuntando as vosas metades coas doutros grupos.

# O SURREALISMO

Como vemos, o resultado dun cadáver exquisito non responde a ningunha lóxica. É irracional. Algo similar ocorre co **surrealismo**, un movemento artístico xurdido no ano 1924 e que se centra no mundo dos soños. Os artistas interpretan a realidade con imaxes disparatadas.

Por exemplo, Dalí fai unha interpretación do paso do tempo e da perda dos records no seu cadro *La persistencia de la memoria*.



### Sabías que...?

O **surrealismo** provén da palabra francesa *surréalisme*, palabra composta por *sur* ('sobre, por enriba') e *réalisme* ('realismo').

Podés coñecer algúns datos sobre dous autores surrealistas nas seguintes ligazóns:


- [Salvador Dalí](#)
- [René Magritte](#)

## Na práctica



Na seguinte actividade realizaremos un *collage* surrealista.

Imos transformar unha fotografía dun obxecto real nunha obra surrealista. Para iso, observa estas imaxes.



A primeira é unha imaxe real dun ollo e as seguintes, versións que Magritte fixo dese elemento. Na segunda imaxe, o autor reflexa que o que vemos está condicionado pola nosa percepción, polas nosas ideas e a nosa imaxinación. Na terceira, Magritte transmítenos unha sensación de malestar, de ser observados por actos cotiáns como a alimentación.

Agora tócache a ti.

### Material

- Revistas
- Tesoiras
- Pegamento de barra.
- Lámina de debuxo

### Pasos

1. Busca en revistas e xornais imaxes de obxectos reais. Podemos utilizar tamén fotografías de paisaxes ou persoas.
2. Escolle un elemento que nos sirva para transformar esa imaxe en algo surrealista.
3. Pega na lámina todo aquilo que nos sirva para crear a nosa nova imaxe. Deixa voar a túa imaxinación!

Intentaches comunicar algunha idea? Que intentaches expresar? Que dificultades atopaches?

